

MIND THE GAP!

Mind the gap! Mind the gap!

Por millonésima vez na súa vida, Andrew sobe ao metro na estación de Martinsburg, que o levará ao seu miserábel, rutineiro, fodido, estresante e humillante posto de traballo na cadea de produción da multinacional Coca-Cola.

Na súa artificial realidade atópanse tamén sumidos os outros seis pasaxeiros do vagón. A través das súas facianas amósanse os seus pensamentos máis íntimos, pero á vez comúns aos de centos de americanos, e que, ao igual ca el, moitos deles están sometidos a unhas precarias condicións laborais.

O individuo A, envolto na súa lúgubre sotana amosábase seguro das súas tradicionais convicións, confiado en que o Noso Pai se encargaría de que os demócratas non acadasen o poder, pois cometeríase un gran sacrilexio ao aceptar a permisividade sexual ou o aborto; e sería Bush a encarnación da vontade divina, elixido por Deus para liderar a América e o globo terráqueo, tal como se reflexa na película *Faith in the White House* (A Fe da Casa Branca).

O individuo B, vestido cuns miserentos farrapos, parecía amosar con todo o orgullo o resultado do capitalismo americano, aínda que claramente o desfavorecese. Pero nel aínda persistía o típico soño estadounidense de rematar enriquecéndose, e velaí o motivo polo que incluso os máis pobres se unen aos republicanos, o partido das megaempresas e dos peixes gordos.

A individua C, con vestimenta militar, preguntábase se o seu futuro cambiaría moito a partir do 2 de novembro. ¿A onde irían as tropas americanas esta vez? ¿Que pobo se borraría esta vez do mapa? A xuventude americana convertérase en portadora do estigma da guerra e fora a súa moral a que quedara sometida ao poder do tío Sam.

A forte discusión que esta mantiña co seu compañeiro de asento manifestaba as pronunciadas diferenzas en canto á dirección que o seu país debería tomar.

O D pertencía a ese minoritario grupo de xente de esquerdas que aínda cre na posibilidade de salvar unha pequena parte da natureza do seu país a base de inútiles manifestacións e protestas para tentar que nunca se volva escoitar que "para evitar os incendios debemos talar todas as árbores posíbeis", que casualmente foi pronunciada polo culpable das mortes de Iraq, das crueldades inflixidas aos detidos en Guantánamo e Abu Ghraif, responsábel da pobreza e miseria de milleiros de concidadáns e da próxima explosión da burbulla económica que rexe o seu país.

Á marxe de todo isto, atopábase rumiando só un dos tantos porcos de pé, que se atopaba fóra do seu hábitat por pequenos imprevistos da vida diaria.

Ollaba con desprezo todo ao seu redor e tentaba evadir as miradas daquela xente tan "insignificante". As súas nítidas posturas conservadoras proporcionábanlle unha clara visión do futuro do seu país.

Sumido nos seus pensamentos, pero non alleo ao que acontecía ao seu carón, atopábase un creativo pensando que todo este debate político podía darlle unha forte saída á súa película infantil que rematara de filmar había uns días, e que, salvo problemas, se publicaría xusto antes das

